

# As praderías de “seba”, fontes de vida mariña

Victor M. Caamaño Rivas



Nos ecosistemas mariños, ao igual ca nos terrestres, hai especies que xogan un papel determinante, especies que non chaman a atención pola súa beleza, nin polo seu interese económico, pero que só a súa presenza constitúe o corpo e a alma dese ecosistema. Son especies chave, as que organizan e estruturan o propio ecosistema e que son capaces de crear ambientes novos e, incluso, teñen a capacidade de alterar as redes alimenticias e as relacións que se establecen entre os seres vivos do propio ecosistema.

No noso litoral temos un bo exemplo deste tipo de especies. Nos fondos lamacentos, pouco profundos e de augas limpas, medra, a modo de herba, unha planta mariña, tapizando grandes superficies. As xentes do mar chámanlle “seba” (aínda que o verdadeiro nome é “ceba”, a denominación de “seba” débese á nosa característica forma de falar) a un par de especies que os estudosos denominan fanerógamas mariñas. Por exemplo, nas augas pouco profundas do Serrido este tipo de fanerógamas medra formando parches entre as zonas areosas, mentres que a maior profundidade adoitan tapizar os fondos de forma continua.

En Galiza, na Enseada de O Bao e na Enseada de San Simón, encóntranse os dous mellores “sebais” da costa atlántica da Península Ibérica. Concretamente a enseada de O Bao é un enclave que forma parte do Espazo Natural Protexido Ons-O Grove (o litoral de Cambados comprendido entre a Torre de San Sadurniño e o

límite municipal co concello de Meaño, entre Castrelo e Dena, está incluído neste mesmo espazo protexido), debido a que entre outros valores naturais, conta con praderías de fanerógamas mariñas (“seba”) que están consideradas un hábitat preferente da Rede Natura 2000 (rede de espazos naturais protexidos pola Unión Europea). Este ecosistema está protexido, pola chamada Directiva Europea Hábitat, porque conta cunha gran biodiversidade, unha variedade de especies comparable, a escala, cos arrecifes coralinos doutras latitudes. Nas praderías de “seba” danse cita numerosas especies de plantas, algas, invertebrados e vertebrados, así como as formas inmaturos de moitas especies de interese pesqueiro. Por iso pódese afirmar que a importancia da “seba” vai máis alá do lugar onde se atopa, pois resulta imprescindible para o bo funcionamento doutros ecosistemas mariños.

As nosas praderías de “seba” están formadas por dúas especies de planta (fanerógamas mariñas) do Xénero *Zostera*. A *zostera* adoita ser confundida cunha alga pero realmente non o é. Trátase dunha planta con flor, é dicir, un vexetal cunha raíz, un talo ou rizoma que medra sobre a lama e grandes follas planas. En primavera, época de reprodución para vexetais en xeral, a *zostera*, forma as flores que, co tempo, tamén orixinarán froitos e sementes. As dúas especies diferéncianse, doadamente, ao botarlle unha sinxela ollada.



A maior profundidade medra a “seba” de folla ancha (*Zostera marina*) que posúe longos rizomas que se estenden pola lama, fixándose ao fondo, para evitar ser arrincada pola forza do mar. As follas, con forma de cinta, teñen unha lonxitude de entre 20 e 50 cm e unha anchura de 0,5 a 1 cm.



Máis próxima á beira do mar e, polo tanto, quedando ao descuberto na maior parte das baixamares, medra a outra especie, a “seba” de mar de folla estreita (*Zostera noltii*), que ten as follas máis estreitas (20 cm de lonxitude e 1 mm de anchura), curtas e con forma de fío.

Anteriormente comentábase a semellanza que existe, en relación coa abondosa vida mariña, entre as aparentemente uniformes praderías de “seba” e os coloridos e espectaculares arrecifes de coral dos mares tropicais. Os arrecifes son paraísos de vida, exemplos de riqueza e variedade de especies, lugares onde atopan refuxio e alimento unha gran multitude de seres vivos. Canto maior é a posibilidade para protexerse e cando a cantidade de alimento aumenta, como consecuencia incrementarase o número e a variedade de especies; é dicir, aumentarase a biodiversidade dese ecosistema.

No Serrido, e en moitos dos fondos da Enseada de O Bao, existen areas de moito interese económico desde o punto de vista marisqueiro; sen embargo como ecosistema, un banco de area é moito máis pobre, en canto a biodiversidade, cos “sebais” próximos. Nos bancos de area resulta difícil alimentarse excepto para os organismos capaces de filtrar a auga do mar e obter dela o seu planto, como fan as ameixas, os berberechos ou as navallas. Ademais o único refuxio que se podería atopar na area sería soterrándose. Polo tanto o que se considera riqueza dos medios areosos; é dicir,

abundancia de determinadas especies de moluscos comerciais, refírese unicamente a riqueza económica e non biolóxica. A “seba” consegue transformar un lamazal nun dos ecosistemas mariños máis ricos e con maior biodiversidade, a base de crear unha gran variedade de medios ou hábitats que facilitan o refuxio e o alimento necesarios para a vida de multitude de especies. Aínda que nunha primeira ollada a pradería de “seba” semella pobre e carente de vida animal, isto é simplemente porque, na natureza, a supervivencia esixe pasar desapercibido ante os depredadores.



Entre a gran biodiversidade das praderías de seba, destacan tanto especies de interese comercial como de importancia biolóxica ou ecolóxica. Entre estas últimas débese resaltar a presenza de dúas especies de cabaliño de mar (*Hippocampus hippocampus*, *H. guttulatus*) que están protexidas pola lexislación internacional debido a que as súas poboacións están claramente en descenso a nivel mundial. Son peixes moi difíciles de ollar xa que a súa cor e á súa capacidade para imitar as follas das plantas fan que pasen desapercibidos para o observador.

Outras especies de gran interese ecolóxica son as chamadas aves limícolas, que no caso deste Espazo Natural Protexido, representan un dos seus maiores atractivos. Mais, sen dúbida, unha das funcións máis importantes que levan a cabo os “sebais” é que son o lugar de cría e refuxio dos exemplares xuvenís de moitas especies de peixes comerciais como anguías, salmonetes, vellos, ollomoles, bogas, etc., co cal esta capacidade potencial de produción de peixes resultará de gran importancia para o futuro da pesca artesanal.